

Semana Europea da Mobilidade 2016

A Semana Europea da Mobilidade (SEM) é unha campaña de concienciación dirixida a sensibilizar, tanto aos responsables políticos como aos cidadáns, sobre as consecuencias negativas que ten o uso irracional do coche na cidade, tanto para a saúde pública como para o medio ambiente, e os beneficios do uso de modos de transporte máis sustentables como o transporte público, a bicicleta e as viaxes a pé.

Celébrase cada ano, do 16 ao 22 de Setembro, realizando actividades para promocionar a mobilidade sustentable e o desenvolvemento de boas prácticas. O 22 de Setembro celébrase ademais **"A cidade, sen o meu coche!"**

O lema de cada edición é diferente e este ano foi **"Mobilidade intelixente, economía forte"**. Trátase de resaltar as vantaxes económicas, comerciais e tamén de aforro que xera a mobilidade sustentable, a aposta polo transporte público, o uso da bicicleta ou a circulación a pé.

Baixo este lema, programáronse unha serie de actividades, talleres, xornadas, rutas culturais e turísticas en bicicleta e a pé, performance, etc.

O presente Informe fai referencia ás actuacións levadas a cabo por Autocares Rías Baixas para promover a participación da cidadanía na Semana Europea da Mobilidade.

Actividades Desenvolvidas

O balance da Semana Europea da Mobilidade 2016 é moi positivo grazas á implicación dos cidadáns de Pontevedra e a súa participación en todos os actos que se desenvolveron.

Os días **17 e 18 de Setembro** os menores de 18 anos puideron viaxar gratis con Autocares Rías Baixas. Como consecuencia, 65 mozos **menores de 18 anos subíronse ao autobús de forma gratuíta**.

O día **19 de Setembro** celebrouse o **día 2x1**. Os usuarios da tarxeta de Autocares Rías Baixas podían convidar a un amigo para utilizar o servizo de bus gratuitamente. **Convidáronse a 43 persoas** a gozar da viaxe en compañía.

O **Mércores 21 de Setembro** realizouse a performance “**O Evento do Bus**” onde se mostraba o espazo ocupado por 50 coches, 50 bicicletas, 50 peóns e un autobús, nunha das rúas máis transitadas de Pontevedra. Esta actuación tivo gran repercusión e foi recollida por medios de comunicación a nivel nacional.



O día **22 de Setembro** (día de **A cidade, sen o meu coche**) Autocares Rías Baixas ofreceu o acceso gratuíto ao autobús a todos os usuarios da tarxeta de transporte. O resultado foi un **incremento dun 17 % no número de usuarios que utilizaron o transporte público**.

Desde Autocares Rías Baixas agradecemos o impulso da Universidade de Vigo, o Concello de Pontevedra, entidades privadas e a Asociación Pedaladas, polo seu traballo para promover actuacións de educación e sensibilización sobre a importancia da mobilidade sustentable.